

Aprobados os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen a contratación do servizo de “**Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo**”, anúnciase a convocatoria para a súa contratación.

1. **Obxecto:** A contratación do servizo de “**Balizamento das praias do Concello de Sanxenxo**”.
2. **Duración do contrato:** anual do 02 de xuño de 2016 ao 2 de xuño de 2017, coa posibilidade de dúas prórrogas de un (1) ano cada unha. A primeira do 02 de xuño de 2017 ao 2 de xuño de 2018 e a segunda do 02 de xuño de 2018 ao 02 de xuño de 2019.
3. **Orzamento máximo de licitación:** 66.115,70 €/ano, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a 13.884,30 €/ano e o orzamento máximo de licitación, co IVE é de 80.000,00 €/ano.
4. **Procedemento e tramitación:** A adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto (con un único criterio de valoración, o prezo).
5. **Lugar e prazo de presentación de ofertas:** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas** dentro do prazo de **quince (15) días naturais** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es. O cómputo de prazos comezará dende a derradeira publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, ampliarase ao día seguinte hábil que non fose sábado.
6. **Criterio de adxudicación:** Será o sinalado na cláusula 9ª dos Pregos respectivos:

-Prezo máis baixo: Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación anual, co IVE 80.000,00 €/ano.
7. **Mesa de contratación:** Constituirase de acordo co sinalado nas cláusulas 10ª e 11ª dos Pregos respectivos.
8. **Clasificación:** Non se esixe.
9. **Solvencias:**
 - a. **Solvencia económica e financeira:** Acreditarase mediante o volumen anual de negocios, referido ao ano de maior volumen dentro dos TRES (3) últimos exercizos, por importe igual ou superior á 82.644,63 €/ano sen IVE. A estes efectos o licitador proposto para a adxudicación presentará copia das súas Contas Anuais aprobadas e



CONCELLO DE

SANXENXO

depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil. Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- b. **Solvencia técnica e profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador proposto para a adxudicación, dunha relación dos traballos efectuados no curso dos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas** desta licitación, avalados por certificados de boa execución, sempre cos requisitos mínimo de que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao anualidade media deste contrato (66.115,70 euros) sen IVE. A efectos de determinar a correspondencia entre os servizos acreditados e os que constitúen obxecto do contrato, se tomará como criterio **a igualdade entre os dous primeiros díxitos do CPV (63, xa que o CPV é 63724310-6)**, ao non existir clasificación aplicable a este último no Anexo II do Real decreto 773/2015.

10. **Garantía definitiva: do 5% do importe TOTAL (prórrogas incluídas) da adxudicación, excluído o IVE.**

11. **Entidade e información:** Concello de Sanxenxo - Sección de Contratación. Tel.: 986720075. A documentación recollerase no Concello de Sanxenxo e a través da web www.sanxenxo.es Perfil de Contratante.

Sanxenxo, 7 de abril de 2016.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita